

As Bandas de Música de Baiona

CÉSAR LÓPEZ RODRÍGUEZ

INTRODUCCIÓN

Preténdese desta volta dar a coñecer a realidade musical nesta vila mariñeira, deixando para outra xeira a análise en profundidade do presente e, sobre todo, do pasado bandístico por ser este último moito máis extenso, diverso e “curioso” debido ao seu discorrer por etapas moi duras e singulares da nosa “recente” historia de España.

O de “máis extenso” obedece a que este pasado abrangueu 68 anos de bandas só silenciados por mor da guerra civil española, triste acontecemento que significou unha paréntese nesta riqueza cultural, do mesmo xeito que ocorreu noutros moitos lugares da nosa terra. Téñase en conta que Baiona xa contou con bandas dende o ano 1895, data na que, de xeito documentado, se coñece o pago por parte do Concello de 80 pts. ao seu primeiro director, D. Fernando Alar, polos servizos prestados.

Sen dúbida que mellor sería coñecer primeiro este pasado para saber calibrar mellor a realidade actual, por canto que este pasado é o soporte de todo o que hai hoxe, que xurdiu por mor dunha longa e acariñada esperanza nas xentes deste pobo por voltar a ter o que perderon un triste día hai 42 anos, logo de 63 anos de bandas que se crearon e funcionaron con moitos esforzos, penurias e ilusións frustradas. Foi o 1962 o que as viu morrer, ano no que remata a época antiga das bandas de música de Baiona, feridas de morte por mor da crecente moda dos “conxuntos de música moderna”, da emigración e da novidade dos instrumentos eléctricos.

Mais é este un pasado, a todas luces, referente obrigado hoxe para continuaren neste fermoso empeño de ocupar a homes e mulleres na arte musical, alimentar espíritos de propios e estraños, engaiolar e implicar ás familias dos “entregados músicos” que son os fillos e fillas dunha Baiona moderna, cunha grande proxección de futuro.


Na actualidade estase a recobrar con forza este espírito do pasado; proba diso nola dá (como acontecía aló polo ano 1900 e ata ben entrado o século) a existencia de dúas formacións musicais modernas: a **Municipal de Baiona** e a **Agrupación Musical de Belesar**, que progresan en medios, logros, veteranía e en calidade interpretativa, aínda que, polo de agora, non exista unha e desexable relación enriquecedora entre ámbalas dúas formacións.

O mérito deste pobo ao contar con estas dúas orquestras é dobre se temos en conta a inexistencia dun proxecto semellante, tanto no fondo como na forma, como sería de desexar, nos outros concellos que conforman o Val Miñor.

A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BAIONA

HISTORIA DO SEU NACEMENTO

A piques de principiar a última década do século XX, era a banda de música Unión Musical de Mougás a que viña sendo contratada, acotío, para correr con todos os actos festivos civís e relixiosos da vila (“era un *clásico* moi apreciado nesta praza”). Dado isto, o seu director, D. Gabriel Rodríguez, acariña a idea de crear en Baiona unha escola que servira de canteira de músicos para elevar o nivel cultural da súa xuventude, ofrecer unha posibilidade cultural máis, moi demandada polas xentes do Val e, sobre todo, fornecer de músicos cualificados á súa propia Banda de Mougás.



Banda de Música Municipal de Baiona no 1º de marzo do 2005 dirixida por D. Gabriel Rodríguez.

E isto foi posible en 1990, e grazas á idea e ao esforzo da concelleira de Cultura D^a. Amelia Sarmiento, que recollendo cen firmas polo pobo adiante logrou poñer a andar un Centro de Cultura Musical, dando así solución á forte demanda deste tipo de estudos regrados e dada a inexistencia dun conservatorio preto de aquí que satisfixera tal necesidade. Tívoise en conta, para isto, a nova lei de educación, LOXSE, na que se contemplaba a creación de escolas de música municipais. Hoxe son moitas as persoas que recoñecen, con xustiza, a valía desta emprendedora e tenaz muller leonesa que conseguiu a actual Escola de Música e puxou moito para que este pobo contara no futuro co seu himno e coa súa propia banda de música.

No ano 1994, e logo de dous anos de andadura da Escola de Música, o profesor e director da mesma, D. Gabriel Rodríguez Rodríguez, que daquela corría como titular coa dirección orquestral da banda de Mougás, entendía que o alumno tiña que ver a utilidade do que estaba aprendendo e precisaba dunha plataforma onde aplicar os seus coñecementos. Hai que precisar que neses momentos tiña esta escola 17 rapaces/zas que contaban xa con instrumento.

Unha banda era o obxectivo a perseguir, e sería este, á súa vez, un incentivo poderoso para os 60 alumnos cos que contaba tal escola.

Dado que era imposible levar a cabo esta empresa dun xeito particular por xentes do lugar e sen contar cun respaldo económico e infraestrutural, este profesor-director no ano 1995 presentoulle a idea ao Sr. Alcalde de Baiona, por aquel entón D. Manuel Vilar Márquez. Este, entusiasmado coa idea, solicitoulle a confección dun presuposto aproximado do que significaría poñer en marcha dito proxecto, coa fina-

lidade de correr o Concello cos gastos periódicos de infraestrutura e coa adquisición dos instrumentos máis caros.

Presentado un anteproxecto, o Concello acéptao e decide asignar a cantidade de seis millóns de pesetas largas para equipamento. Equipábase a todos os músicos integrantes, rapaces e rapazas de moi curta idade, cunha indumentaria consistente nun conxunto azul mariño composto de pantalón e xersei co escudo do concello de Baiona e a denominación da banda bordados, camisa branca e gravata. Dito conxunto viña complementado con xemelgos nos puños e prendedor de gravata dourados co seu correspondente anagrama. O calzado, zapatos de cor azul ou negra, corría a cargo dos pais de cada músico. Acométese, tamén, a adquisición dos primeiros instrumentos.

Correndo o mes de marzo deste ano 1995, en xuntanza histórica habida no Concello e coa presenza de 70 pais implicados por mor dos seus fillos e fillas, presidida polo Sr. Alcalde, o concelleiro de Cultura D. Avelino Sierra e o propio profesor-director promotor da idea, o Sr. Alcalde, dun xeito formal, encomendoulle que fixera realidade a idea. Foi así como o comprometeu en presenza dos devanditos pais a fin de que, co horizonte do 8 de marzo do seguinte ano, a Banda de Música de Baiona fose novamente unha realidade.

Foron momentos moi delicados para todos os que estaban metidos neste reto, e a aposta persoal e profesional era moi grande para este director que tiña a vida moi encarreirada como titular, por aquel entón, da Banda Municipal da Golada.

Hoxe, coa análise fría que permite a distancia no tempo, pódese aseverar que lle corresponde en xustiza á Banda de Música Municipal de Baiona e ao seu director á fronte, o mérito de aglutinar, congregar, no seu arranque, a músicos de todas as parroquias de Baiona, todos eles rapaces moi novos (con máis ilusión que coñecementos por aquel entón), que escomenzaban a camiñar na música da man do seu director, e facer así realidade o soño que tanto músicos como pais atesouraban. Era este soño o de ser protagonistas no arranque da 2ª época (época moderna) de bandas neste lugar, logo de 42 anos de seca musical.

TRAXECTORIA

1. Esta banda fíxose realidade grazas ao amparo e empeño do Concello de Baiona e á ilusión das xentes desta comarca, nacente para a música e para este pobo o 8 de marzo de 1996, co gallo da festividade da Arribada da Carabela A Pinta a Baiona.

Arrancaba esta agardada idea, deste xeito, diante do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, e das autoridades da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, do Sr. Alcalde do Concello de Baiona, D. Manuel Vilar Márquez, e demais autoridades locais e de Palos de la Frontera e Santa Fe de Granada.

Dirixía D. Gabriel Rodríguez Rodríguez unha nova banda composta por 50 músicos que destacaba, sobre todo, por unha afinación moi lograda e un son moi compacto, interpretando o seguinte repertorio para a ocasión: *Himno Galego* (ao principio e de xeito excepcional), pasodobre *La gracia de Dios*, *Annen Polka* de Straus, preludio, 1º acto da *Traviata* de Verdi, a

peza valenciana *L'entrá de la murta* e o himno da banda *Arribada* (peza composta daquela polo propio director).

A integrante máis nova na lista de músicos fundadores, Paula Alonso, foi a encargada de realizar no escenario do Auditorio “V Centenario” o acto simbólico de entrega da primeira batuta da banda ao seu primeiro director, D. Gabriel Rodríguez, neste acto inaugural.

2. De alí a un ano, en 1997, chegou outro reto: acadar consolidación, experiencia e sona. Neste afán protagonizou con grande éxito os actos oficiais da seguinte *Arribada* e do irmandamento coa vila francesa de Pornic, recibindo ás autoridades francesas coa interpretación dos himnos español e francés, e correndo co acompañamento en todos os actos propios deste evento.
3. O irmandamento coas vilas de Palos de la Frontera e Santa Fe de Granada motiva a viaxe da banda a Palos de la Frontera, onde se celebrarían os actos propios do Descubrimiento, coincidindo co 1º aniversario da formación da mesma. Nesta ocasión a banda demostrou a súa madurez, en terras tan afastadas, cubrindo os actos oficiais como banda preferente diante das autoridades de La Junta de Andalucía e concerto coa banda de Palos no seu auditorio. Resulta interesante lembrar o repertorio: pasodobre *La gracia de Dios*, *Vals del Emperador de Strauss*, zarzuela *Los Gavilanes* do mestre J. Guerrero, pezas sinfónicas, fragmentos de zarzuelas famosas, *La Leyenda del Beso*.
4. Logo deste último evento musical, e coa proximidade da Semana Santa do ano 1997, a banda recibe o encargo e a responsabilidade de cubrir todos os actos procesionais: Xoves Santo, Venres Santo, Corpus Christi, Sagrado Corazón etc.

Como resposta a tal encomenda, e dado o grande número de actos de carácter procesional en Baiona, introducíronse novas pezas no repertorio axustadas a tal necesidade. Vese incrementado así o seu repertorio procesional coas marchas máis simbólicas da Semana Santa en Sevilla, Málaga, Zamora e León, firmadas por grandes compositores como Abel Mercero e García Grau.

Entre outros estilos de pezas, hai marchas do sur (Sevillanas), composicións galegas etc.

5. En xaneiro do ano 1998 ten lugar o Cumio Iberoamericano de Presidentes de Gobiernos no parador nacional Conde de Gondomar de Baiona, coa asistencia de todos os presidentes de goberno de Hispanoamérica e onde tivo lugar a firma do Pacto de Baiona 98 dos Dereitos Humanos. Contouse coa presenza do, por aquel entón, Ilmo Sr. Presidente do Goberno Español, D. José María Aznar –que lle deu expresamente a noraboa ao director desta agrupación– e do, tamén daquela, Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne.

Foi esta banda a encargada da recepción, sendo filmada a súa actuación “in vivo” pola TVG, con entrevista ao propio director titular. Interpretouse para esta ocasión unha ruada e o himno *Arribada*.

6. Polo verán deste ano 1998, a Concellaría de Cultura de Baiona programa os actos do Ciclo Cultural con actuacións nocturnas quincenais nun escenario preparado ao efecto na Praza do Concello.
7. Dado que o irmandamento de Baiona coa vila francesa de Pornic era unha

realidade dende 1997, no mes de outubro deste ano 1998 ten lugar a visita e a acollida de todos os membros e persoal acompañante da Banda de Música Harmonic Municipal de Pornic de Francia nos fogares de moitos baioneses/as, segundo esixía a ocasión.

A experiencia desta visita resultou moi enriquecedora polo que supuxo o intercambio e a convivencia, tanto a nivel de banda como de pobo. Nun día torrencial, ao amparo dos grosos muros da ex Colexiata e cun cheo absoluto, esta banda executou un repertorio variado, nun “man a man”, fronte dunha banda con moitas décadas de experiencia.



Cartel anunciador do certame de bandas en Pornic-Francia no ano 1999.



Banda Municipal de Baiona polas rúas de Pornic (1999).



Delia, Gabriel e Avelino –concelleiro de cultura de Baiona– con algúns músicos recém chegados de Pornic.

8. No mes de maio do ano 1999 devolven a visita ao lugar de Pornic. Neses días de estadia alí (do 13 ao 16 de maio) participou nun coñecido e habitual certame local de bandas, Rencontre d'Harmonies, competindo con tres agrupacións de Suecia e Suíza, xunto coa propia de Pornic (L'Orchestre de Chambre Suédois de Taby, L'Harmonie Municipale de Sanint-Pour-

cain-sur-Sioule, L'Harmonie Municipale et le Big Band de Pornic) sendo á súa vez a banda de Baiona a "Invité d'honneur".

Desta volta estreitáronse lazos coas xentes do lugar e cos compoñentes da súa banda residindo nas súas casas e fomentando amizades nadas na súa primeira visita a Baiona no mes de outubro pasado.

9. Actuación no Congreso de Confrarías Relixiosas de España, celebrado en Vigo no ano 2002, xunto coa Banda da Escola Naval de Marín e con procesión polo centro de Vigo cos representantes de todas elas.
10. Inauguración das novas instalacións do Colexio Público Integrado de Covaterreña, coa presenza, entre outras autoridades, do Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne.
11. Actuación como invitados de honra na Expo de Galicia o 31 de outubro de 2003.
12. Dotación, en marzo do 2004, dunha nova indumentaria consistente nun traxe de gala de cor negra acibeche con gravata de cor crema.
13. Actos de inauguración da renovación da lonxa de Baiona.
14. Actuación conxunta, en abril de 2004, coa banda Municipal de Palencia (de grande sona e valía), cubrindo os actos procesionais da Semana Santa palentina, onde acadou recoñecido prestixio. Sirva como mostra a recente carta dirixida ao Concello agradecendo aquela asistencia e colaboración, á vez que reñiteran e manteñen a súa invitación permanente.
15. Actuación no novo Centro Social de Caixanova en Vigo, a propósito da estrea da película *O lapis do carpinteiro*, na que formou parte do reparto, facendo o seu papel como tal e aparecendo nos créditos da mesma.
16. En colaboración co Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), no verán do 2004 acompaña o acto de presentación do libro *Baiona nas ondas do tempo*, en velada musical na praza do Concello e dentro do ciclo estival de concertos.
17. Edición dun CD coa banda sonora da película *O lapis do carpinteiro*, na que tivo a honra de compartir a gravación coa Filharmónica de Praga.

RELACIÓN DE COMPOÑENTES FUNDADORES

Para a ocasión da súa estrea a banda estaba integrada por 50 músicos con idades moi curtas, comprendidas entre os 8 e os 16 anos, que se repartían como segue nos diferentes instrumentos:

Director: D. Gabriel Rodríguez Rodríguez (31 anos).

Frautas: Elba Durán Martínez, Irene Gándara Moral e Lucía Rego.

Clarinetes en Mi = (requinto): Paula Alonso (integrante máis nova) e Beatriz Rodríguez.

Clarinetes: Enma Fernández, Ana Vilar, Isabel Refojos Silva, Elsa Pereira, María Reinerio, María José Misa, Araceli Rodríguez, María Victoria Martínez, Ana Belén Domínguez, Raquel Senra, María Carmen Alonso, Ana Isabel García e Sandra Álvarez.

Saxofóns: Noelia Álvarez, Vanesa González, Benito Alfonso,

Clara González, Vanesa Pérez, Miguel Martínez Blanco, Beatriz Rodríguez, Miguel Ángel Álvarez, Benito Pérez, Guadalupe Otero e Javier Soto.

Trompetas: Jesús Martínez, Marcos Moreda, Rafael Durán e José Antonio Souto.

Trompas: Carlos González Goce, Oscar Souto e Jorge Denís.

Trombóns: Álvaro Pereira Rodríguez, Manuel Carneiro Denís, Joaquín López Goce, Roberto Fagúndez, Alejandro González e Manuel Denís.

Tuba: David Miniño.

Bombardinos: Pedro Besada e Francisco Javier Álvarez.

Percusión: Enrique Pérez, Antonia Misa e José Luis Pousada.

Bombo: Bernardo Pousada.



Gabriel Rodríguez Rodríguez, director da Banda de Música Municipal de Baiona.

DIRECCIÓN ORQUESTRAL

Como o principal promotor da idea e artífice desta banda de música está D. Gabriel Rodríguez Rodríguez que, botando man da súa experiencia bandística, vén dirixindo esta agrupación dende a súa formación. Imparte á súa vez clases e dirixe o funcionamento da Escola de Música, coordinando os devanditos ámbitos culturais.

Resulta interesante coñecer e recoñecer a valía do seu director a teor non só das súas obras ata o de hoxe, senón tamén da súa profesionalidade, avalada polos feitos que conforman o seu xa importante currículo.

Nace en 1965 na parroquia de Mougás, municipio de Santa María de Oia, e comeza a súa andaina musical aos oito anos na banda Unión Musical de Mougás, sen precedentes familiares neste campo.

Realiza os seus primeiros estudos musicais no Conservatorio Superior de Vigo. Unha vez concluídos os seus estudos de bacharelato superior, no 1982, oposita a Bandas Militares con 17 anos e pasa a formar parte da banda de música do Rexemento de Murcia nº 42, destacado en Vigo, como percusionista.



Gabriel na banda de Mougás, na Santa Cecilia, con dez anos



Banda de Mougás en Baiona no ano 1974, con Gabriel á caixa con 9 anos de idade.



Gabriel con quince anos na Banda Unión Musical de Mougás.

Dous anos máis tarde foi trasladado á banda de música do Goberno Militar da Coruña. Aos 21 anos causa baixa no exército e toma posesión como director titular da Banda Municipal da Golada, onde estará á fronte da mesma durante catro anos.

Ao cabo destes anos, no 1991, as autoridades do concello de Santa María de Oia e do concello de Baiona inician xestións para contar cos seus servizos e facerse cargo de respectivos retos musicais. Por un lado a dirección da banda de Mougás e por outro lado encargarse do funcionamento, como profesor, da futura Escola de Música Municipal.

Ante a boa marcha de dita escola, decide presentar un anteproxecto ao concello baionés da futura Banda de Música Municipal.

Termina fundando dita banda, que se estrea o 8 de marzo do 1996, e recibe de mans das autoridades presentes no acto xa referido o símbolo da Carabela La Pinta en recoñecemento ao seu meritorio labor.

Con ditas agrupacións actuou en múltiples ocasións na TVG e na TVE, gravou dous CDs coa banda Unión Musical de Mougás, nos que figuran varios dos seus arranxos para banda.

O ámbito das súas actuacións comprende non só toda a nosa comunidade, senón tamén fóra da mesma (Palos de la Frontera, Palencia etc.) e o estranxeiro (Portugal, Francia).

Foi membro fundador do quinteto Ictus Metais, co que levou a cabo un intenso labor camerístico e pedagóxico por toda Galicia. Acompañou na sección de metais ao grupo folclórico Milladoiro nunha das súas actuacións.

A súa faceta nos arranxos e como compositor de música para banda e grupo de metais xa é importante sobre temas de autores modernos; entre outros moitos Simon and Garfunkel, Phill Collins, a película *Los Reyes del Mambo* foron obxecto da súa instrumentación. Tamén orquestrou unha das composicións da película *O lapis do carpinteiro*, incluída na banda sonora da mesma e interpretada pola Banda Municipal de Baiona. Esta banda sonora editouse en CD, conxuntamente coa Sinfónica de Praga.

Dentro do seu labor compositivo sobresaen: o himno da *Arribada* (composto para coro e banda, con letra do propio compositor e gravado en CD pola Agrupación Harmonía), unha *Sintonía electoral*, a marcha *Impetuoso* (interpretada na TVG) e a *Suite a Baiona*; así como numerosas pezas para grupo de vento metal coas que se acompaña cada ano na procesión de Venres Santo á Virxe da Dolorosa en Baiona. Dentro do seu labor pedagóxico ten creado composicións para grupos de frautas de pico acompañadas de marimba, xilófono e piano.

Tamén é compositor dun tema folk solicitado polo pianista e compositor madrileño Julio Mengod para TVE.

Dende o ano 1994 ata o 2002 foi admitido pola Deputación Provincial de Castellón e, máis tarde, pola de Valencia, para asistir como participante activo nos cursos de dirección de orquestra e coros, impartidos polos directores máis prestixiosos do panorama español, como Enrique García Asensio (co que realizou cinco cursos), Manuel Galdulf e Miguel Rodríguez. En todos estes cursos foi seleccionado sempre para dirixir os concertos de clausura, tendo a oportunidade de traballar coas bandas de Segorbe, Nules, Cullera, Benicasim, Banda Municipal de Castellón, Carlet etc.

No ano 1995 realizou un curso de Dirección de Orquestra, en Madrid, a cargo do director García Asensio.


Fixo estudos de trompeta e realizou cursos de vento metal con Francisco Velasco, Vicente Simeón, Leopoldo Vidal, Martí Soriano Ortí, Jaime Casas Plá e Lou's Metal e, tamén, de percusión con Carlos Castro e Marcos Valcárcel.

Foi seleccionado como profesor de percusión para o Conservatorio Profesional de Tui. Recibiu por parte de Concello de Baiona o certificado de Distinguido 2001.

Realizou cursos de pedagogía musical, educación auditiva con Violeta Hemsy de Gainza, percusión e vento metal (curso de instrumentación para banda) con Johan de Meig, compositor holandés (autor da música para a película *El Señor de los Anillos*).

Estudou Harmonía, contrapunto e composición nos conservatorios Superiores de Vigo, Santiago e A Coruña. Realizou, paralelamente, estudos superiores de trompeta e percusión. Superou con éxito os exames das escolas británicas Guildhall School of Music coa entrega do certificado europeo como profesor. Posúe dúas diplomaturas e unha licenciatura en música.

Na actualidade presta os seus servizos como director titular nas bandas Unión Musical de Mougás e na Municipal de Baiona, así como profesor da Escola Municipal de Música de Baiona.



Enrique García Asensio e Gabriel Rodríguez nun curso de dirección de orquestra

REALIDADE ACTUAL

Na actualidade, esta banda conta cunha infraestrutura aceptable, aínda que moi mellorable, para o desenvolvemento da súa actividade:

A Casa da Cultura “Torrente Ballester”, onde funciona a Escola de Música Municipal para as ensinanzas e ensaios das diferentes cordas (con melloras recentes por un valor de máis de dous millóns das antigas pesetas, consistentes na creación de aulas individuais acondicionadas para cada instrumento).

Auditorio Municipal “V Centenario”, onde fai semanalmente os ensaios xerais, á vez que lle serve como sala de concertos. Esta última función moi necesitada de ser dignificada como centro cultural da vila.

Cómpre subliñar, tamén, que conta cun palco (templete) de música para as súas actuacións ao aire libre, doado o 7 de marzo de 1927 polo benefactor industrial asturiano, residente temporal e último propietario do Castelo de Monterreal D. Angel Bedriñana Meana.

Polo ano 1998 esta banda xa estaba composta por 65 membros. Por estas datas incorpóranse á banda violonchelos e contrabaixos, así como se fai no mes de xullo a estrea duns timbais cromáticos, enriquecendo a capacidade cimbriada da banda.

A súa “fábrica de músicos”, a Escola de Música Municipal, garante a continuidade de dita banda e está a fornecerla de músicos cualificados. Por este ano chega a ter unha matrícula de 150 rapaces/as, dos que máis de trinta xa estaban estudando con instrumento elixido.

Na actualidade conta con 120 alumnos, rapaces e rapazas da vila e doutras parroquias do Val, instruídos por un corpo de doce profesores da propia escola, en convenio coa Asociación Cultural de Profesores de Música Metais Faíscas, e que cobren dezaseis materias e disciplinas instrumentais (vento madeira, vento metal, percusión, corda, guitarra, gaita e piano).

Moitos compoñentes actuais da banda atópanse, á súa vez, seguindo estudos de música polo plan LOXSE, de Grao Medio no Conservatorio de Tui, de Vigo ou mesmo en Baiona; e algúns xa están con estudos de Grao Superior.

Esta banda está integrada por 77 músicos na actualidade, que se reparten no manexo dos instrumentos típicos de banda, así como nos exclusivos anteriormente mencionados. Cómpre salientar que amais de dous chelos e timbais, conta con dous fagots de recente adquisición.

O seu repertorio está composto por unha interesante variedade de estilos musicais, tanto de carácter clásico como moderno, ascendendo ao importante número de 119 pezas que cobren os seguintes estilos musicais: pequenas pezas características galegas (ruadas, pasodobres, xotas, pasodobres de concerto...); pezas contemporáneas de series televisivas, bandas sonoras; poemas sinfónicos; intermedios e preludios de zarzuelas e óperas; oberturas; suits; repertorio procesional; rapsodia; caprichos sinfónicos etc.

O seu director artístico fai ás veces de administrador, asistido por determinados membros da mesma nas xestións económicas, na partituroteca etc. O equipo humano administrativo co que conta, tanto a banda como o seu director artístico, está integrado pola área de Cultura do propio Concello co seu persoal á fronte.

Actividades fixas: Ao longo do ano lévanse a cabo coa seguinte cronoloxía: acompañamento da Cabalgata de Reis no mes de xaneiro, corre cos actos oficiais conmemorativos do 1º de marzo, coa celebración da festa da Arribada, acompañamento das procesións na Semana Santa (Xoves e Venres Santo), na procesión da Virxe Dolorosa, na procesión do Corpus Christi, na procesión do Sagrado Corazón e Concerto Fin de Ano.

Ciclos de concertos de temporada: Son de grande interese, entre os propios da vila e os foráneos que a visitan na época estival, os concertos programados todos os anos dentro do Ciclo de Concertos de Verán que teñen lugar na praza do Concello nas noites de verán, nun palco permanente de usos múltiples.

Está por crear un Ciclo de Primavera e Verán, así como un Ciclo de Inverno con actuacións no Auditorio, para achegar máis a banda ao pobo e conseguir máis calidade interpretativa e experiencia como agrupación.

Actuacións fixas: actos e concerto na honra de Santa Cecilia.

Festas: Teñen todas elas carácter fixo, agás a da 3ª Idade e a da Rosca, con algún ano de interrupción por mor de problemas políticos puntuais derivados da singularidade e intereses dos equipos que gobernan en cada intre.

Actos e concertos na festa da Anunciada, na festa da Virxe do Carme, na festa da Hispanidade, na festa da 3ª Idade, na festa gastronómica da Rosca e na romaría de San Cosme e San Damián.

Temos que engadir diferentes actuacións que leva a cabo por medio de contratos e que non teñen carácter fixo. Estas teñen lugar no tempo de verán, principalmente, como son os actos e concertos polas diferentes parroquias deste concello e por outras do Val Miñor (Gondomar, Panxón etc.)

Actuacións protocolarias: Este tipo de actuacións son circunstanciais e dependen da actividade social ou cultural do propio concello ao longo do ano, como son recepcións de persoeiros importantes e homenaxes, comitivas, inauguracións de prazas, rúas, monumentos etc.

Cursos de formación: Os cursos de carácter pedagóxico que a banda realiza circunscribíense á actividade educativa que se leva a cabo na Escola de Música ao longo de todo o curso escolar. Como xa apuntamos antes, o convenio coa Asociación Cultural de Profesores de Música Metais Faíscas posibilita a impartición de 16 materias de grao elemental e preparatorio medio (vento madeira, vento metal, percusión, corda, guitarra, gaita e piano), por parte de 12 cualificados profesores especializados.

IDEAS DE FUTURO

1. Darlle forma a todo o que se acordou co primeiro equipo de goberno desta lexislatura e que quedou pendente, co fin de facelo realidade canto antes.
2. Conseguir algúns instrumentos especiais, de certa exclusividade (como é o corno inglés) para enriquecemento da sonoridade da banda, así como para ampliar o repertorio con pezas que os requiren.
3. Un local especial para ensaios da banda que presente unha capacidade axeitada á mesma, boa sonoridade e, sobre todo, fácil accesibilidade para carga e descarga do material dun xeito áxil. Acabaría-se, deste xeito, coa escrutividade que supón a difícil accesibilidade ao interior do actual auditorio, o que provoca un esforzo enorme e innecesario por parte dos propios músicos e un deterioro considerable dos instrumentos.
4. Continuar na liña de conformar unha banda-tipo para concertos e actos procesionais, así como para ruadas a xeito de presentación da banda.
5. Retomar a dinámica dun desprazamento anual no que se incrementa a convivencia e camaradería entre os seus compoñentes, así como os intercambios culturais con outras bandas, outros lugares e outras culturas.
6. Compatibilizar unha perfecta colaboración co Coro de Voces Baionesas a fin de conseguir varias interpretacións conxuntas, co que significaría isto de enriquecemento para as dúas agrupacións.

A AGRUPACIÓN MUSICAL DE BELESAR

HISTORIA DO SEU NACEMENTO

A saúde musical deste pobo é inmellorable. Proba disto é que no ano 1998 xorde en Belesar con D. Javier Domínguez Millán outra nova idea musical. Conta este músico cun antecedente que o anima: ser neto de Manuel Domínguez, coñecido músico do lugar que, coma el, comezou moi novo nisto da música, formando parte da Banda de Baiona co prestixioso mestre-director-compositor D. Urbano Ver-net, aló polo ano 1927.

Foi no ano 1993 cando, en xuntanza veciñal, tendo en conta a tradición musical –Belesar sempre foi unha moi boa canteira de músicos que nutriron as bandas

dos arredores– discuten ao redor da idea de aproveitar as boas voces e calidades musicais coas que contaba esta parroquia, e como resultado de todo isto xurdiu un coro integrado por preto de cincuenta persoas, entre maiores e xente nova. D. Javier Domínguez, coñecido popularmente como “Javi”, é o encargado da súa dirección e esta agrupación, así conformada, actuou durante dous anos.

Logo da experiencia que deu esta pequena andadura, e dada a dificultade que representaba conxuntar e harmonizar semellante diversidade de voces, acordaron separar os máis pequenos desta formación, co fin de formar un grupo máis homoxéneo (inicialmente 12 nenos/as) con coñecementos e obxectivos musicais máis acordados coa súa idade. Desta reflexión nace o Coro Infantil no ano 1995.

No ano 1996 comézase a impartición de clases de solfexo no Colexio Público de Belesar (Baiona) como actividade extraescolar.

Un ano máis tarde, e dado o interese que amosan os alumnos, D. Javier Domínguez Millán decide, co apoio de todos os pais e coa axuda impagable de Alberto González e Alejandro A. González como parte do profesorado do Colexio de Primaria, formar unha Banda de Música. Xa estaban funcionando na parroquia dúas corais por el dirixidas, a Coral Xuvenil e a Coral Polifónica. Outro puntal foi, sen dúbida, o seu avó paterno, José Domínguez Pérez, o Cantarel, que o apoiou en toda a súa carreira musical.

Con esta idea mércanse os primeiros instrumentos no mes de xaneiro do ano 1997 e, deste xeito, comezan a soar as primeiras notas musicais.

Nestes intres a Agrupación Musical de Belesar está formada por 47 compoñentes e 10 alumnos máis que aspiran, pronto, a formar parte desta nova banda de música.

A presentación oficial, que tivo lugar o día 20 de xuño do ano 1998, sen dúbida ningunha foi un acto inesquecible para a parroquia de Belesar e para a mesma Agrupación Musical. Coubolle a honra de ser apadriñada pola afamada banda Agrupación Musical do Rosal.

Nesa data vese realizado o primeiro paso dun grande soño, e todo grazas a moitas persoas que creron nese feito, colaborando arreo e empuxando, como a Comunidade de Montes coa compra das dúas tubas, a A.P.A., a Dirección e Profesores do Colexio Público de Belesar, o Concello de Baiona e un longo etcétera que verían, no seu camiñar, un motivo de ledicia e de orgullo por ter contribuído a unha causa tan fermosa.

Polo ano 1998 existen xa a Coral San Lorenzo de Belesar, integrada por 46 voces mixtas, e o Coro Infantil, tamén formado por outras 46 voces. Este último conta con dúas voces solistas destacadas: Alex e Gloria.

A meirande parte dos compoñentes desta Banda de Música que escomenza a dar os seus primeiros pasos son netos daqueles que con moito esforzo e quitando



Javier Fernández Millán, director da banda de música Agrupación Musical de Belesar dende 1998.


horas ao seu descanso e, inclusive, postergando obrigas de maior importancia nas súas vidas, quixeron e souberon levar adiante, en tempos ben difíciles, a música como a súa maior ilusión, pertencendo a diversas bandas da bisbarra.

TRAXECTORIA

1. Durante o tempo da súa preparación, a Agrupación Musical de Belesar ofrece tres concertos en colaboración coa Agrupación Musical de Goián (Tomiño) e o Ateneo Musical de Bembrive (Vigo), outras dúas agrupacións en período de formación.
2. Logo de tres meses dun intenso traballo por parte de todos os membros desta agrupación, integrada por 45 músicos, fai a súa estrea o 20 de xuño de 1998.
3. No seu interese por integrarse no mundo bandístico, a Agrupación Musical de Belesar entra a formar parte activa, no ano 1999, da Federación Galega de Bandas de Música Populares e, dende entón, as súas actuacións fóronse espallando por diferentes puntos da xeografía galega e por Portugal.

Actividades fixas:

1. Ao longo do ano leva a cabo unha serie de concertos na parroquia, dentro do programa Festival de Verán. Estes concertos lévanse a cabo nos catro barrios desta parroquia, durante cinco días. O último día deste programa adícase a un Festival de Bandas no que participan, en cada edición, catro agrupacións chegadas de diferentes puntos da xeografía galega.
2. Concerto co gallo do Día do Pai.
3. Festival de Primavera.
4. Concerto na homenaxe á patroa da música, Santa Cecilia.
5. Ciclos de música de cámara.



Agrupación Musical de Belesar no ano da súa creación (1998)

Ao longo destes anos de existencia esta agrupación leva actuado en distintos puntos de Galicia e Portugal, como son o Auditorio de Galicia da Coruña, o Teatro de Concertos de CAIXANOVA en García Barbón (Vigo), Reveriano Soutullo (Ponteareas), Teatro Principal da Excm. Deputación de Lugo, Pazo da Cultura da Excm. Deputación de Pontevedra con motivo do II, III e IV Certames Provinciais de Bandas de Música.

RELACIÓN DE COMPOÑENTES FUNDADORES

Os integrantes desta nova banda de música ascendían, no día da súa estrea, a 46 músicos dos que se especifican as súas idades, ben curtas por certo:

Director: Javier Domínguez Millán (22 anos).

Clarinetes: Iván Pinzás (13 anos) e Ana Belén Domínguez (13).

Requinto: Mónica Portela (7).

Frautas: Misa (7), Irati Carrascal (12) e Carla Portela (15).

Clarinetes: Javier Giraldez (11), Blanca Lago (11), Davinia Dios (14), Tamara Chamorro (13) e Pedro Lijó (11).

Saxos Altos: Nuria Zúñiga (12), Nerea González (9), Andrea Martínez (10), María González (12) e Rubén Pinzás (12).

Clarinetes: María Angeles Domínguez (9), María del Mar Iglesias (13), Lorena Estévez (13), Alba Cameselle (14), Leticia Rodríguez (9), Marta Fernández (9), Amaia Carrascal (10) e Mirian Rodríguez (9).

Fiscornos: Alexandre Rodríguez (8) e José Sequeiros (13).

Trompetas: Gabriel Rodríguez (9), Sergio Braña (14), Victor Dios (9) e Jacobo Lago (15).

Trombóns: Daniel Costas (14), M. David González (16) e Alejandro A. González (21).

Bombardino: Felipe Penedo (12).

Saxos tenores: Santiago Gómez (11), Vianney Alvarez (13), Sheila M^a González (14) e M^a Gloria Domínguez (19).

Tubas: Alejandro Fernández (15) e Alberto González (21).

Percusión: Julio Costas (11), Alberto (13), J. Manuel González (11), Alejandro Misa (13) e José Enrique Giráldez (16).

DIRECCIÓN ORQUESTRAL

Esta corre a cargo de D. Javier Domínguez Millán, e hai que destacar o esforzado labor deste promotor e director desta banda que está a compaxinar seis ámbitos de acción: conducir a Coral Xuvenil, a Coral Polifónica, as clases na Escola de Música, a banda de Música e as clases en conservatorio privado en Vigo; á vez que anda metido de cheo en oposicións do seu ramo.

Nace este novo director en Belesar-Baiona no ano 1975. Contaba 16 anos cando puxo en marcha a Coral Polifónica San Lorenzo de Belesar baixo a súa dirección, logo de formar parte, durante catro anos, da Banda de Música de Mougás, dirixida por D. Gabriel Rodríguez. Está a dirixir esta coral dende aquela ata os nosos días, editando, recentemente, o seu primeiro traballo discográfico.

En maio de 1992 asiste a un curso de clarinete impartido polo mestre D. Miguel Espejo Plá (clarinete solista da Orquestra Nacional de España), organizado polo Conservatorio Superior de Música de Vigo.

No ano 1997 asiste a un curso de dirección de bandas de música, impartido por D. Bernardo Adam Ferrero, organizado pola Federación de Bandas de Música Populares de Galicia.

Dende este ano e ata a actualidade encárgase da dirección artística do Coro Xuvenil San Lorenzo de Belesar, coro finalista no I e II Festival de Habaneras do Grove (Pontevedra) e premiado nos últimos sete anos, obtendo o primeiro premio en voces brancas no Festival de Vilancicos de Caixanova, festival no que participan máis de 120 coros de toda a xeografía galega.

Foi neste ano 1997 cando fundou, e dirixe dende aquela, a banda de música Agrupación Musical de Belesar-Baiona, que viña a ser a 2ª banda moderna que se formaba neste municipio.

Con 22 anos –no ano de presentación da banda– e con estudos inacabados de música, comprométese de cheo na inxente tarefa de formar e dirixir dúas corais e unha banda de música no seu pobo de nacemento, contando coa axuda dalgunhas persoas do ámbito educativo e coa colaboración de moita xente nesta parroquia.

Participa en novembro de 1999, en representación da Federación Coral Galega, nas XIX Xornadas Moralistas Aragonesas, celebradas na cidade de Borja (Zaragoza), impartidas pola israelí Naomi Faran. Neste mesmo mes asiste a un curso impartido por Dona Mª de los Angeles Galán.

Asiste, tamén, a un curso de dirección organizado pola Banda de Música de Cambados, en colaboración coa Federación Galega de Bandas Populares e impartido por D. Francisco Grau Vegara, director da Banda de Música da Casa da Súa Maxestade o Rei.

En abril de 2000 asiste ao curso de Elementos de Acústica, celebrado no Conservatorio de Música de Pontevedra, impartido polos mestres D. Manuel Sobreira Seoane e D. Antonio Pena Giménez, profesores da E.T.S.E. Telecomunicación da Universidade de Vigo, obtendo a cualificación de Notable.

Dende o ano 1996 e ata o 2000 dirixe a Coral Polifónica Santa Eulalia de Donas, Gondomar.

Resulta significativa a súa faceta pedagóxica:

1. Impartiu clases de clarinete, coro, linguaxe musical, audicións comentadas e música activa no Conservatorio de Música de Gondomar, nos anos 97 e 98.
2. Vén impartindo clases de clarinete e instrumento colectivo no Conservatorio “Mayeusis” de Vigo, dende o ano 2001 ata hoxe.
3. Segue coas clases de música, como actividade extraescolar, no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Belesar.
4. Imparte clases de clarinete dende 1998 na escola de música da Agrupación Musical de Belesar, así como noutras escolas como a Banda Xuvenil de Chapela (Redondela) e a Agrupación Musical de Goián (Tomiño).
5. Dende o ano 2002 ofrece concertos didácticos sobre unidades didácticas como “Forma Musical” e “Os instrumentos da Orquestra”, elaborada por Dña. Carmen Losada e dirixida a máis de catro mil alumnos de Primaria de diferentes centros da xeografía galega.
6. Está sendo requirido nestes últimos anos para colaborar con diversas agrupacións bandísticas da nosa comunidade, sendo membro na actualidade da Agrupación Musical do Rosal e da Agrupación Musical Harmonía, baixo a dirección de D. José Vicente Simeó e de D. José Luis Represas respectivamente.

Dende o ano 2003 dirixe a Coral Polifónica da Agrupación Musical Lira, de San Miguel de Oia-Vigo. Tamén dirixe dende o ano 2000 ao Orfeón Val Miñor.

Obtén o título de Profesor na especialidade de clarinete, no curso 95-96, polo Conservatorio Superior de Música de Vigo e no ano 2003 obtén o Grao Superior na especialidade de clarinete e Música de Cámara polo mesmo conservatorio.

Reseñamos a súa incipiente inquedaanza compositiva, sendo autor da música e da letra das pezas *Soa un pandeiro en Belén* e *Chega un gaiteiro a Belén* que, interpretadas polo Coro Xuvenil San Lorenzo de Belesar que el dirixe, acadaron o primeiro premio no 37 e 38 Festival de Vilancicos Caixanova nos anos 2002 e 2003 respectivamente.

REALIDADE ACTUAL

Na actualidade, e dende a súa fundación, a Agrupación Musical de Belesar conta con catro fontes de recursos. Dita banda subsiste grazas á aportación económica mensual dos seus propios compoñentes, en concepto das clases recibidas ao reunir unha dobre condición: a de músicos da banda e alumnos da mesma. A todo isto hai que sumarlle a contribución, con carácter anual, de doce euros por parte dos seus socios, a colaboración de empresas privadas en actos que se celebran na parroquia ao longo do ano e, por último, a da Comunidade de Montes de Belesar, que ten feito unha achega económica para a adquisición de dúas tubas e de certas aportacións axudas para poder sufragar gastos que se producen, en concepto de intercambios con outras agrupacións musicais, instrumental, transportes etc.

No relativo a infraestruturas, dende a súa fundación esta agrupación vén desenvolvendo o seu labor cultural nunhas condicións ben precarias, cunha importante falta de cooperación por parte das institucións locais. Nun principio as clases impartíanse no Colexio Público de Belesar, mais, pasados dous anos, e tendo en conta a necesidade imperiosa de contar cunha aula grande para uso exclusivo onde poder ter, ben gardado, o instrumental e demais material propio e dado o uso preferente das aulas do colexio para o desenvolvemento do labor docente, víronse na obriga de buscar unha solución. Esta veu dada pola xenerosidade da familia dun antigo párroco de Belesar, D. Antonio Soto, que cedeu, temporalmente, un local para ensaios ben coñecido por todo o mundo na parroquia, denominado *o salón*, nome debido a ter funcionado como lugar onde se xuntaban os veciños en tempo de lecer e no que botaban algún que outro baile no pasado.


Durante estes seis anos, son 60 compoñentes da banda de música, cos seus 30 alumnos da súa escola de música, unha coral polifónica de 35 voces e un coro xuvenil composto por 45 voces brancas, o que fai un total de 170 persoas que entran e saen semanalmente pola única porta que este local ten. Isto pódenos facer ver a precariedade da súa infraestruturas. Podemos seguir enriquecendo a descrición das súas carencias ao engadir que un baño é un luxo co que non contan e que cos raquíuticos fondos desta humilde agrupación teñen que correr co seu consumo de auga e luz.

Polo de hoxe a banda está integrada por 60 músicos, con idades comprendidas entre os 10 e os 27 anos, cunha idade media entre 17 e 18. Conta, á súa vez, cunha Escola de Música atendida polos seguintes profesores dentro de cada especialidade:

Javier Domínguez: Director, Clarinete e Solfexo; Iván Pinzás: Clarinete; Patricia Román: Frauta; Rubén Pinzás: Saxofón; Tania: Metal agudo; Eduardo: Metal grave; Javier Alonso: Percusión e Violoncello.

Nesta Escola, de xeito paralelo e complementario, estudan e incrementan o seu nivel 30 alumnos que aseguran a continuidade desta agrupación musical.

Na actualidade a ilusión é grande na parroquia ao percibiren como próximo o día no que conten cunha Casa da Cultura rematada.



Agrupación Musical de Belesar na actualidade.

IDEAS DE FUTURO

1. Conseguir a súa primeira edición discográfica na que se reflicta parte do seu repertorio.
2. Como medio de superación está a idea de seguir participando en diferentes certames de bandas, polo que pensan en presentarse á V Edición do Certame Provincial de Bandas de Música da Exma. Deputación de Pontevedra, ao que xa se levan presentado en anteriores ocasións, cun resultado moi digno para a súa parroquia e para este concello.
3. Está na súa idea a asistencia, para o vindeiro ano 2006, á segunda sección do Certame Internacional de Cullera (Valencia), onde outras bandas galegas obtiveron destacados premios no pasado.
4. Ver rematado, para o seu uso tan demandado e tan longamente agardado, o Centro Cultural de Belesar.
5. Acadar o funcionamento, unha vez que se dispoña de locais axeitados no futuro Centro Cultural, dunha Escola de Música oficial (Xunta de Galicia) para poder ampliar a matrícula de alumnado, solicitar máis profesorado e poder dispor dun maior presuposto anual a fin de organizar cursos de formación para os alumnos nas diferentes especialidades.
6. Poder contar cunha banda internacional no festival que organiza a Agrupación Musical de Belesar todos os anos polo mes de agosto, en colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música de Pontevedra.
7. Poder seguir organizando audicións nas que os alumnos, non só da banda senón tamén da Escola de Música, interpreten obras acompañadas de piano e obras de música de cámara nas que tamén participan os profesores interpretando obras de maior dificultade, para estimular e dar a coñecer outros recursos que teñen os diferentes instrumentos bandísticos.

8. Conseguir, en beneficio da cultura deste concello, que as dúas bandas de música do mesmo, a Municipal de Baiona e a Agrupación M. de Belesar, colaboren para poder facer máis forza á hora de solicitar subvencións e, deste xeito, poder organizar actividades que esperten a inquedanza dos seus músicos, como poderían ser:
 - a. Cursos de formación segundo especialidades con solistas de diferentes orquestras sinfónicas.
 - b. Crear un concurso de Novos Intérpretes “Concello de Baiona”.
 - c. Intercambios conxuntos con outras agrupacións españolas.
 - d. Montar un Festival de Bandas de Música “Concello de Baiona”.
 - e. Charlas impartidas por diferentes investigadores sobre a evolución dos instrumentos, estilos musicais, forma musical etc.

